

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

REPENTIZACIÓN E ACOMPañAMENTO

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

PABLO MÉNDEZ CARREIRA

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumando continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES
 - A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
 - B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
 - C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. OBXECTIVOS

- Coñecer distintos tipos de música ao piano.
- Obter unha noción clara dos aspectos harmónicos mediante o teclado.
- Mellorar a capacidade da redución pianística e a lectura a primeira vista.
- Afondar no acompañamento pianístico.
- Practicar a improvisación.
- Coñecer as técnicas de transporte a primeira vista.
- Recoñecer sistemas de cifrado moderno.
- Entender os distintos tipos de acompañamento ao longo da historia.

2. CONTIDOS

- A harmonía no teclado.
- A redución pianística.
- A lectura a primeira vista.
- O acompañamento pianístico.
- A improvisación.
- O transporte no piano.
- O cifrado americano.
- O baixo contínuo.
- O baixo alberti.
- O vals.
- Os acompañamentos románticos.
- O acompañamento moderno.

3. METODOLOXÍA

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, consiste no envío por parte do alumnado do traballo practicado na casa e que xa fora entregado antes do confinamento e a resolución de actividades propostas polo profesor mediante videoconferencia.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será contínua e relativa á consecución dos contidos traballados previamente ao confinamento.

5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento do traballo realizado polo alumnado.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnos con materias pendentes.

Pablo Méndez Carreira,

A Coruña, 30 de abril de 2020